

Acta VII Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA

Xoves 12 de febrero de 2015 no Centro Social Pontevedra Leste

Sendo as 20,30 horas e co quórum requerido (21 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación se procede da acta anterior
2. Valoración das primarias e do traballo feito no último período
3. Renovación da Coordinadora
4. Plan de traballo
5. Rogos e preguntas

ACORDOS:

1. Aprobese por unanimidade a acta da asemblea anterior.
2. Faise unha valoración moi positiva da celebración das primarias tanto na participación como no desenvolvemento das mesmas. Valorase o grado de unidade e a fortaleza interna e mediática coa que sae a Marea das mesmas.
3. Aprobese por unanimidade a renovación dos Órganos da Marea que quedan como segue:

- COORDINADORA POLÍTICA

DIRECCIÓN INSTITUCIONAL

- *Luís Rei Núñez. Candidato á alcaldía e Portavoz.*

Area de Xustiza Territorial

- *Guillermo Casalderrey Rivas (Coordinador de area)*
- *José Antonio Ramírez Amor*
- *Carmen Peña Hernández*
- *Bruno González Cacheda*
- *David Carballal Vázquez*
- *Anxo Corbillón Fernández*
- *Esteban Rey Franco*

Area de Xustiza Social

- *María del Carmen Moreira Martínez (Coordinadora de area)*
- *Herminia Dios Poceiro*
- *María Luísa Lores Agüín*
- *Vanessa Angustia Gómez*
- *Raquel Vázquez Méndez*
- *Joshua Juárez Paz*
- *Cynthia Piña Moreira*

(Pendente de asignar tarefas concretas a cada candidata/o e ver unha distribución parroquial entre as mesmas)

DIRECCIÓN TÉCNICA

- *Xoán Hermida González (Coordinación Xeral)*
- *Carmen González Nóvoa (Responsable de Organización e Extensión)*
- *Xoán Eladio Torres e Bruno González Cacheda (Responsables en Redes)*
- *Jaime Acuña Soto e Esteban Rey Franco (Responsables de administración e finanzas)*
- *Marcos Fontán Cortizo e Bibiana Piñeiro (Responsables de Recursos)*

- PERMANENTE (EXECUTIVA)

- *Luís Rei Núñez*
- *María del Carmen Moreira Martínez*
- *Guillermo Casalderrey Rivas*
- *Xoán Hermida González*
- *Carmen González Nóvoa*
- *Xoán Eladio Torres*
- *Bruno González Cacheda*
- *Jaime Acuña Soto*
- *Esteban Rey Franco*
- *Marcos Fontán Cortizo*
- *Bibiana Piñeiro*

4. Plano de traballo

4.1. Cronograma

Coordina Xoán (enviarase un primeiro borrador en Excel que iremos actualizando a diario)

4.2.. Tarefas urxentes

Tarefas urxentes que deberían ser abordadas no que resta de febreiro

A. Internas

A.1. Completar a lista electoral.

Teremos que buscar 6 homes e 7 mulleres para completar a lista e tres suplentes. Deberiamos priorizar en perfís de persoas recoñecibles na cidade tendo en conta tamén a presenza territorial da mesma.

Encargase Luís de facer contactos polo que todas as posibles candidaturas deben ser enviadas a el para que leve adiante as xestións.

A.2. Actualización de Censos.

Desde a Coordinación e a Secretaría de organización vai a seguir actualizándose o censo da Marea. Tamén faise necesario construír unha base de datos de información que reciban información directa da Marea e un boletín electrónico.

A.3. Aspectos legais.

Ver como esta o tema do rexistro da Marea e as posibilidades de creación de unha coalición instrumental con outras mareas.

A.4. Definir a estratexia de campaña

A permanente xuntarase cun grupo de xornalistas amigos para recadar ideas para a estratexia de campaña nos aspectos comunicativos, unha próxima asemblea debería definir a estratexia nos aspectos políticos.

A.5. Recursos financeiros (local)

Aprobese as iniciativas da Serigrafía dunha obra de moldes (75 a 50 €) e unha subasta de cadros de alumnas/os de Belas Artes como formas iniciais para conseguir liquidez urgente. As demais iniciativas se estudarán na coordinadora.

Encargase a Esteban Rey que coordine a procura dun local que tería que estar aberto a principio de marzo e que serviría de oficina de campaña con activistas.

Aprobese abrir unha conta corrente da Marea Pontevedra con firma indistinta de Xoán Hermida e Esteban Rey.

B. Externas

B.1. Elaboración do cronograma de precampaña e campaña

Xoán encargase de elaborar e ir actualizando o cronograma a diario.

Prioridade: xuntanzas parroquias / xuntanzas sectoriais ou grupais / medios de comunicación / performace

Clasificación: axenda de Luís / axenda de candidatura / axenda coordinadora / datas a recordar (8 de marzo-25 de abril-....)

B.2. Difusión para dar a coñecer a Marea.

- Reparto de folleto presentación luns 16 ás 18,00 horas no centro
- Carteis para ir fixando posición (cada tres días un)
- Vídeos presentación de candidatas/os (de 20 segundos en canal youtube)

B.3. Concello Aberto

Abrir un espazo na web e no facebook onde subir denuncias sobre as deficiencias do actual 'modelo de cidade' e propostas da 'cidade aberta' que representa a Marea.

B.4. Proposta para acoller en Pontevedra encontro de Mareas

Aproveitar a nosa 'vantaxe' nos procesos para propor as outras mareas que o seguinte encontro se faga en Pontevedra.

Sen máis asuntos que tratar levantase a xuntanza ás 21,45 horas.

Asinado: José A. Ramírez | Secretario de Actas (Coordinador)